



XUNTA XERAL ORDINARIA 2ª/2023

Acta da sesión que tivo lugar o día vinte e un de decembro de dous mil vinte e tres.

En Santiago de Compostela, ás 19.00 h, réunese a Xunta Xeral do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, baixo a presidencia do seu decano, D. Francisco J. Rabuñal Mosquera, e na que participan os seus membros, D. Javier Constenla Vega, D^a María del Carmen González Ferro, D^a Patricia López Arnosó, D. Manuel F. Martín García, D. Ramón Quintela Miramontes, D. Jorge Eladio Romero Rivera, D^a Margarita Ruiz Núñez e D^a María Jesús Vieito Mayo. Tamén asisten un total de 39 colexiados e colexiadas, dos/as cales 37 son exercentes e 2 non exercentes.

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral**
- 2. Exame e votación do orzamento para o exercicio 2024**
- 3. Rogos e preguntas**

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR

Sométese a votación a acta da sesión anterior, que é aprobada con 47 votos a favor e 1 abstención.

2. EXAME E VOTACIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2024

O tesoureiro e o secretario técnico do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela explican a memoria e o orzamento para o vindeiro ano 2024, que se reproducen a seguir:

MEMORIA

1. Introducción

O Estatuto do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela establece, no seu artigo 69.s), entre as atribucións da Xunta de Goberno a de “redactar os orzamentos e render contas anuais”.

O artigo 97 recolle que na segunda xunta xeral ordinaria (segunda do ano) se dará lectura e se aprobará, se procede, o orzamento formado pola Xunta de Goberno para o seguinte ano.

O proxecto de orzamento do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela para o exercicio 2024, que se presenta e se somete á aprobación da Xunta Xeral Ordinaria, supón a valoración económica das actividades que esta institución ten previsto desenvolver durante o próximo exercicio.

Este orzamento, tanto na súa forma coma no seu contido, representa a vontade de seguir avanzando na modernización do Colexio da Avogacía, nos seus mecanismos de xestión e, sobre todo, en adaptar a súa infraestrutura ás novas tecnoloxías co fin de contribuír á súa dixitalización. Cobra centralidade o gasto destinado á formación continua dos colexiados ou o investimento en recursos telemáticos (bases de datos na web), así como a implantación da sede electrónica.

O proxecto de orzamento para o exercicio 2024 foi confeccionado consonte as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade e as normas de información orzamentaria de entidades sen ánimo de lucro.

Este orzamento é continuísta con respecto ao dos exercicios anteriores como consecuencia do axuste das partidas de gasto tendo en conta os gastos realizados en anualidades anteriores. O seu obxectivo básico é garantir as prestacións dos servizos que ofrece o Colexio, de acordo coas fontes de financiamento coas que contamos, destacando os traballos e os investimentos que se realizarán no ámbito da formación continua (fomentando a formación en liña) dos colexiados e das novas tecnoloxías.

2. Censo colexial

A 31.10.2023 o censo total de colexiados é de 1.353, desagregado da seguinte forma:

— Exercentes residentes: 816



- Non exercentes: 519
- Non residentes: 18

3. Cotas colexiais

a) Cotas periódicas trimestrais (art. 110.e) do Estatuto sobre “recursos ordinarios”)

As cotas trimestrais periódicas supoñen un 55 % aproximadamente dos ingresos ordinarios deste colexio.

Un ano máis, dende o ano 2014, estas cotas non sufrirán ningún incremento (nin tan sequera o incremento do IPC). Para o 2024 serán as seguintes (incluídos os censos):

- Exercentes residentes: 123,11 €/trimestre
- Non exercentes: 57,03 €/trimestre
- Exercentes/Non exercentes non residentes: 43,12 €/trimestre

Os novos colexiados (primeira incorporación) e menores de 35 anos, terán unha bonificación do 50 % da cota periódica durante o primeiro ano.

Os colexiados exercentes residentes maiores de 75 anos estarán exentos da cota colexial.

b) Cota de incorporación (art. 110.b) do Estatuto)

É a cota que aboará o colexiado para tramitar a súa incorporación ao Colexio. Tras o estudo/auditoría realizada para fixar os custos da tramitación do dito expediente, a cota fíxose en 300 euros. Para este ano 2024 manterase esta cota.

- Cota de incorporación: 300 € exercentes / 150 € non exercentes

Estarán exentos do pagamento desta cota os solicitantes que figuran colexiados en calquera colexio da avogacía do Estado e que pagasen unha cota de incorporación igual ou superior á fixada neste colexio; se fose menor, terían que aboar a diferenza.

4. Outros dereitos colexiais

a) Dereitos económicos pola emisión de ditames, informes ou periciais en materia de honorarios para taxacións de custas ou procedementos xudiciais de reclamación de honorarios (art. 110.d) do Estatuto)

- De acordo co establecido no artigo 61 do Estatuto colexial, establécese a contía dos dereitos económicos pola emisión de informes para taxacións de custas nun 2 % da minuta resultante, cun mínimo de 60 euros e un máximo de 300 euros, máis o IVE correspondente.
- Pola emisión de ditames como probas periciais (por petición do xulgado), establécese un 20 % da escala tipo sobre o importe da minuta resultante, cun mínimo de 60 euros e un máximo de 1.800 euros, máis o IVE correspondente.

b) Dereitos económicos por expedición de certificados (art. 110.c) do Estatuto):

- 12 € máis IVE por certificado

Os nosos colexiados estarán exentos de pagar esta cantidade se no momento de solicitar os certificados están en situación de alta neste colexio.

5. Póliza de responsabilidade civil

A póliza do seguro de responsabilidade civil, que este colexio como tomador ten contratada nas últimas anualidades coa aseguradora Allianz (corretoria Aon) para asegurar a responsabilidade civil dos nosos colexiados, representa un dos maiores gastos deste colexio. Para este exercicio a cobertura e as primas son as seguintes:

- Cobertura: 450.000 € por sinistro
- Prima: 362,53 €
- Franquía: 500 € os 2 primeiros sinistros; 1500 € o terceiro e seguintes
- Número de colexiados de alta (a 31.10.2023): 654

Subvención do colexio: O ICASC como en exercicios anteriores subvenciona esta póliza coa cantidade de 100.000 euros anuais, que son repartidos de maneira proporcional entre todos os asegurados (150 €/anuais aprox. por colexiado). Este importe aparece xa descontado nos dous cargos da prima que se realizan cada seis meses.

- Gasto: partida 625.1 – 1.2.b) – Seguro de responsabilidade civil: 241.000 €
- Ingreso: partida 721.6 – 1.1.e) – cotas seguro responsabilidade civil: 141.000 €

A diferenza entre o gasto e o ingreso (100.000 €) corresponde á subvención do colexio.



Seguro de accidentes: Esta póliza incorpora ademais un seguro de accidentes para os colexiados asegurados, que ten un custo duns 6 euros por ano aproximadamente por cada asegurado.

6. Estado de ingresos

Os ingresos ascenden a 810.992 €.

As variacións máis importantes en relación co exercicio anterior son as seguintes:

- Incrementábase a partida “Cotas do seguro de responsabilidade civil”, debido ao incremento dun 7 % da prima que paga cada colexiado. A subvención do Colexio para a esta póliza seguirá sendo un ano máis de 100.000 euros, que se reparte entre todos os asegurados.
- Redúcese á partida correspondente a “Cotas de incorporación”, ao descender o número de novas altas colexiais. As cotas periódicas, un ano máis, dende o ano 2014, non sufrirán ningún incremento (nin tan sequera o incremento do IPC).
- Redúcese a partida “Ingreso por subvencións”, ao non ter previsto a sinatura dos convenios de mediación penal e de mediación intrafamiliar. Mantense o ingreso por gastos de infraestrutura da quenda de oficio, así como a subvención da Secretaría Xeral de Política Lingüística, ademais dos convenios asinados polo CAG coa Xunta (violencia de xénero e violencia sexual e co IGVS).
- As demais partidas non sofren variacións importantes en relación cos exercicios anteriores.

7. Estado de gastos

Os gastos ascenden a 810.992 €.

As variacións máis importantes en relación co orzamento do exercicio anterior son as seguintes:

- A partida correspondente á póliza do seguro de responsabilidade civil (625.1) incrementábase un 7 % debido ao incremento nesa porcentaxe da prima para esta anualidade. Para ese exercicio mantense a subvención do Colexio de 100.000 euros por anualidade, que se repartirá entre todos os asegurados (os non exercentes só en proporción á súa cota).
- A partida correspondente a formación, xornadas, cursos e bolsas incrementábase para seguir potenciando a formación continua dos nosos colexiados.

- Redúcese nun 50 % a partida correspondente a bolsas da EPX ao reducirse o número de alumnado e de solicitude de bolsas.
- As demais partidas non sofren modificacións importantes, axustándose en boa medida ao gasto realizado en exercicios anteriores.

Conclusións

Elaborouse un orzamento similar ao dos exercicios anteriores e adecuado á situación financeira desta institución, asegurando sempre o bo funcionamento da corporación e o mantemento de todos os seus servizos.

Por todo isto, e co obxecto de atender as diversas obrigas que son competencia do Colexio, a Xunta de Goberno propón á Xunta Xeral a aprobación deste orzamento de gastos e ingresos para o exercicio 2024.

ORZAMENTO 2024

		2024
GASTOS		810.992
I. SERVIZOS E ACTIVIDADES		299.100
1.1 ACTIVIDADE ORDINARIA		23.500
601.2 601.3 601.1	1.1.a. Actos corporativos organizados polo Colexio	20.500
651.1, 651.2, 654	1.1.b Actos corporativos non organizados polo Colexio	3.000
1.2 OUTRAS ACTIVIDADES - SEGUROS		252.600
625.1	1.2.b Seguro responsabilidade civil	241.000
625.4	1.2.c Outros seguros, accidentes queda de oficio	6.000
625.5	1.2.d Póliza decesos	3.100
625	1.2.e Primas de seguros (local e seguro comunidade)	2.500
1.3 OUTROS SERVIZOS		23.000
6292	1.3.a Congresos e outras actividades	6.000
6291 ,6291.1, 6291.2, 623	1.3.b Formación, xornadas, cursos e bolsas	15.500
65	1.3.c Bolsas Escola de Práctica Xurídica	1.500
II. GASTOS XERAIS E DE ADMINISTRACIÓN		151.028



	2.1 SERVIZOS DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES	25.577
623 629.14	2.1.a. Xestoría, as. contable, gab. comunicación, auditoría	15.500
649.1, 623.5, 623.6	2.1.b Letrados: monitorios, concello, IGVS	10.077
	2.2 GASTOS SEDE COLEXIAL	30.900
622.1, 622,2	2.2.a Reparacións e conservación (limpeza e outros)	16.000
622.3	2.2.b Sistemas de seguridade	650
6282	2.2.c Auga e outros	250
6281	2.2.d Electricidade	14.000
	2.3 GASTOS OFICINA	25.500
602	2.3.a Material de oficina	5.000
6028007, 6028010	2.3.b Mantemento informático (SIGA, Regtel, Arsys)	17.000
629	2.3.c Gastos diversos	2.500
	2.3.d Material informático	1.000
	2.4 COMUNICACIÓNS	9.400
629.6	2.4.a Mensaxería	4.700
6283.1, 6283.3	2.4.b Telefonía	4.100
629.5	2.5.d Outros	600
	2.5 ARRENDAMENTOS	2.900
621.6	2.5. a Renting	2.900
	2.6 BIBLIOTECA	50.151
6028006	2.6.a. Adquisición libros (códigos e outros)	2.500
6293000	2.6. b Biblioteca on line e bases de datos biblioteca	9.651
	2.6.c Bases de datos - web	38.000
	2.7. OUTROS GASTOS COLEXIAIS	6.600
629.7	2.7.a Guía colexial	2.500
629.8	2.7.b Carné colexial	1.500
629.11	2.7.c Adquisición de togas - limpeza	1.000
629,13	2.7.d Revista colexial	600
629,1	2.7.e Páxina web - mantemento	1.000
	III. PERSOAL	284.033
	3.1. GASTOS DE PERSOAL	
64 ,641	3.1.a Soldos e salarios	223.588
642	3.1.b Seguridade Social	60.445
	IV. OUTROS GASTOS	1.791

	4.1.OUTROS GASTOS	
631	4.1.a. Contribucións e impostos	1.791
	V. TRANSFERENCIAS CONSELLOS E CENSOS	75.040
	5.1 TRANSFERENCIAS CONSELLOS	
620	5.1. Censo Consejo General de la Abogacía Española	54.800
620.1	5.2. Censo Consello Avogacía Galega	20.240

		2024
	INGRESOS	810.992
	I.- INGRESOS PROPIOS	781.180
	1.1 PRESTACIÓN DE SERVICIOS	154.300
705.7	1.1.a. Ditames e informes	4.000
705,3, 721,5	1.1.c Cursos e xornadas	1.000
705.4,705.9, 754.0	1.1d Outros ingresos	8.000
721,6	1.1.e Cotas seguro resp. civil / Seguro accidentes	141.000
705.6	1.1.f P.I. Catastral	300
	1.2 COTAS COLEXIAIS	527.640
721.2	1.2.a. Cotas de incorporación	3.600
721,1	1.2.b Cotas periódicas	524.040
	1.3 INGRESOS POR SUBVENCIONES	99.240
74.1, 74.2	1.3.a Infraestrutura quenda de oficio e SOX	72.500
74.3	1.3.b. Subvs. Xunta de Galicia (galego)	19.000
741	1.3.c Outras subvencións (concello – vía previa / IGVS)	7.740
	II.- INGRESOS FINANCIEROS	9212
	2.1. XUROS CONTA CORRENTE	9.212
	III.-OUTROS INGRESOS	20.600
	3.1. VARIOS	19.500
755	3.1.a San Raimundo	7.000



759,778 754,1, 723.0	3.1.b Outros ingresos (Mutua/vLex/Aon)	10.000
705.18	3.1.c Venda de códigos e outros	2.500
	3.2 PATROCINIOS E PUBLICIDADE	1.100
723.2	3.2.a Publicidade guía colexial e web	1.100

Tras a exposición da memoria e do orzamento, o decano abre unha quenda de preguntas entre os e as presentes.

O colexiado don Miguel Sánchez Campos intervén para preguntar sobre os xuros da conta corrente.

O decano responde a cuestión e explica que os xuros se corresponden cun depósito que o Colexio ten en Mutualidad de la Abogacía, o cal xera uns xuros entre o 2,5 e o 3,5 aproximadamente.

A colexiada dona Ana Cristina Camiño Villaverde intervén para preguntar se a partida do seguro de accidentes da quenda de garda e asistencia ao detido se lle repercute á Xunta de Galicia.

O decano responde a pregunta e aclara que o gasto da devandita partida é asumida polo Colexio, non pola Xunta de Galicia.

A colexiada dona Iria Novillo Casal pregunta se o depósito que temos en Mutualidad de la Abogacía está garantido.

O decano contesta e informa de que ao ser o Colexio unha persoa xurídica en principio o depósito non está garantido, pero que é inviable que a Mutualidad poida ter problemas para garantir eses fondos.

Unha vez sometido a debate e a votación, o orzamento para o exercicio 2024 é aprobado con 46 votos a favor e 2 abstencións.

3. ROGOS E PREGUNTAS

A colexiada dona Ana Belén Sabel Iglesias fai uso da palabra para formular as seguintes peticións:

1. A desvinculación comercial do Colexio con Mutualidad de la Abogacía.
2. Informar a todos os colexiados, sobre todo ás novas altas, dos beneficios do RETA ou da Mutualidad.
3. O apoio do Colexio aos letrados da quenda de oficio na folga.
4. Informar a todos os letrados da quenda de oficio das negociacións coa Dirección Xeral de Xustiza.
5. Máis transparencia dos acordos e resolucións do Colexio mediante a súa publicación na páxina web.

O decano Sr. Rabuñal Mosquera intervén e responde que se estudarán todas estas peticións. A continuación, fai un resumo de todas as xestións e actuacións realizadas dende o Colexio en relación cos asuntos sinalados pola Sra. Sabel Iglesias.


O colexiado don Miguel Sánchez Campos pregunta se se dispón dun estudo sobre cal sería o custo de pagar a garda presencial. Así mesmo, quere deixar constancia de que a folga dos letrados da quenda de oficio abrangue o ámbito nacional e que non vai en contra de ningún colexio.

O decano intervén para responder a cuestión formulada e indica que é algo que se está estudando.

Non se realizan máis preguntas.

E, ao non haber máis asuntos que tratar, rematamos a sesión en Santiago de Compostela, ás 19.55 h do día 21 de decembro de 2023. Como secretario, dou fe.

O decano



O secretario

